

Conflicto Hispano-marroquí polo dominio do Sahara occidental



ÍNDICE:

- 1.- Introducción**
- 2.- Anúnciase a preparación da “marcha verde”**
- 3.- Reunións e informes a fin da negociación**
- 4.- Arxelia cobra máis importancia no conflito, que segue avanzando**
- 5.- Preséntanse proxectos de resolución no Consello de Seguridade**
- 6.- Involúcranse máis nacións no conflito**
- 7.- As conversas entre España e Marrocos aumentan**
- 8.- A defensa das nacións islámicas a Marrocos**
- 9.- Tensión entre Arxelia e Marrocos**
- 10.- O irmán do rei Hassán II pronúnciase**
- 11.- Novas reunións na busca dunha solución**
- 12.- Conclusión**
- 13.- Bibliografía**

1.- Introdución

O conflito do Sahara Occidental pola independencia saharauí é un conflito que aínda está en curso, entre o pobo saharauí e o Frente Polisario contra o reino de Marrocos. Actualmente, o conflito está dominado por campañas civís desarmadas do Frente Polisario e o seu autoproclamado Estado, a República Árabe Saharaí Democrática, para obter a independencia plenamente recoñecida do Sahara Occidental.

Un dos plans máis coñecidos para solucionar este conflito foi o chamado a “marcha verde”, unha invasión marroquí do Sahara occidental que se iniciou o 6 de novembro de 1975. O plan consistía en transportar a 350.000 civís con unidades militares armadas camufladas entre eles para atravesar as fronteiras e tomar o contro do territorio por parte de Marrocos.

Estes acontecementos foron narrados por moitos periódicos, tanto nacionais como internacionais, pero un que destaca é o chamado “La Realidad”, o primeiro diario bilingüe publicado no Sahara español. Naceu en xuño de 1975 con motivo da carencia dun órgano informativo impreso que se adecuara ás características da poboación europea e saharauí, xa que a prensa editada na península adoitaba chegar con retraso ao territorio do Sahara occidental español. Estaba dividido en dúas seccións, unha en castelán e outra en hassaní, cada unha dedicada a unha cuestión en particular.

2.- Anúnciase a preparación da “marcha verde”



Mapa dos puntos estratéxicos da “marcha verde”

A finais de Outubro de 1975, edito periódico, “La Realidad”, narraba a “marcha pacífica” que tiña intención de levar a cabo o rei Hassán II de Marrocos. A axencia Map, de información marroquí, cría que duraría dous días, e que as delegacións se concentrarían en dous puntos: Marraquech, nunha primeira fase, para as delegacións do norte; e Tarfaia,

nunha segunda, para o resto. A marcha iniciárase en Tarfaia e se aportarían todos os medios económicos necesarios. Un día despois de que o rei tivera anunciado este plan, xa se apuntaran unhas 28.000 persoas como voluntarias.

Para atopar unha solución negociada ao conflito, as fillas do tenente xeneral do Exército español de nacionalidade marroquí chamado “El Mizzian”, comezaron a desenvolver unha diplomacia “paralela” entre Madrid e Rabat, misión que tería a súa orixe no “Lobby” marroquí de Madrid, que sería partidario dunha negociación directa entre españois e marroquíes como solución ao conflito.

Pensábase que esta era unha tentativa do rei para levar o problema máis alá das súas fronteiras, coa intención de que interferira o Consello de Seguridade, xa que solucionar problemas internacionais desta maneira, podería levar a que outros países seguisen o seu “exemplo”.

A ONU e o Tribunal Internacional de Xustiza da Haya, manifestaron a súa repulsión cara a marcha marroquí de estranxeiros sobre o territorio, e ademais, defenderon o dereito de autodeterminación do Sahara occidental. Nin Marrocos nin Mauritania puideron demostrar unha soberanía histórica sobre o Sahara, así que ditas institucións pronunciáronse a favor da autodeterminación. Os saharauis tiveron relación con Marrocos e algunhas tribus mauritanas, pero afirmouse que isto non demostraba nada.

Algúns periódicos tamén afirmaron que a marcha do rei de Marrocos só era para desviar a atención da opinión pública, que prefería unha conquista militar, pero como o monarca non se podería impoñer ás tropas españolas e arxelinas, que defendían tamén o dereito de autodeterminación dos saharauis, estaba tratando de evitar esa situación.

Outros periódicos españois realizaron enquisas sobre a marcha do rei de Marrocos a varios comentaristas de política internacional, e entre outras cousas, comparouse este acontecemento con un reto, unha provocación ou unha invasión, suxerindo buscar a solución por vías negociadoras, coñecendo a disposición do Goberno español, que era moi positiva. Ademais, opinaron que as declaracións do rei terían pouca trascendencia e que non acudiría tanta xente como dicía, incluso que se podería volver en contra del. Por outra banda, outras persoas tamén opinaban que Marrocos, ao ser un país do terceiro mundo, o que quería era expandirse e colonizar as terras, como antes fixeran os países europeos, ademais de minar o poder das Nacións Unidas.

O embaixador de España, Jaime Piniés, transmitiu ás Nacións Unidas que non sabía que actitude tomaría o Goberno español, e pediu que se esperara a que a Asamblea Xeral decidira. Incluso asegurou que se algo ocorrera acoderían ao órgano apropiado da ONU, a Asamblea Xeral e, en todo caso, ao Consello de Seguridade.

Piniés tamén afirmou que España nunca pretendara que o Sahara se considerara “terra de ninguén”, e asegurou que a postura española era a de abandonar o territorio o antes posible no caso de que as circunstancias se agravaran e os países veciños non foran capaces de responsabilizarse nas súas obrigacións de manter a paz e a orde no proceso descolonizador.

Por outra banda, Estados Unidos estaba mostrando unha actitude neutral, sen querer intervir, pero manifestando o seu desexo dun arreglo pacífico e amistoso da cuestión.

3.- Reunións e informes a fin da negociación

O secretario xeral da ONU expresou a súa preocupación pola marcha do rey Hassán, dicindo que consideraba estes acontecementos moi graves. Tivo unha reunión co embaixador de España, pero este seguiu insistindo en que o órgano que debía discutir o asunto era a comisión da Asamblea Xeral, e que o seu goberno recurriría ao Consello de Seguridade se fose necesario.

Xa comezado o prazo de inscrición para participar na “marcha pacífica”, a prensa de Marrocos informou de que miles de persoas estaban facendo cola para inscribirse.

Os gobernos de Madrid e Rabat tiveron varias conversas e existía a posibilidade dun entendemento con Marrocos, con ou sen referéndum para os habitantes do Sahara occidental, pero o proceso diplomático que estaba levando a cabo a ONU non favorecía o que defendía o rei marroquí, e trataban de non provocalo, xa que tiñan que ter en conta as cidades de Ceuta e Melilla e a posición promarroquí que mostraba EEUU.

España afirmou que defendería o referéndum e a autodeterminación, pero que era probable que fora máis flexible co Rabat á hora de levalo a cabo. Non obstante, debía admitir gran parte dos refuxiados saharauis en territorio marroquí.

Pola cantidade de refuxiados que había noutros países, o número de votantes podía ser sorprendente. De todas maneiras, non parecía probable un ataque contra as tropas españolas, pois eran o único que axudaría ao Rabat a conseguir os seus fins.

Dende Madrid estíbese intentando cumprir o mandato da ONU sobre a autodeterminación, pero o Frente Polisario, un movemento de liberación nacional do Sahara Occidental que traballa para acabar coa ocupación de Marrocos e conseguir a autodeterminación do pobo saharauí, tiña unha maior aceptación no territorio. Ademais, sospeitábase que determinados sectores económicos estaban presionando a favor de Marrocos, dificultando aínda máis o proceso de resolución do conflito.

Días máis tarde, Piniés entregou unha carta ao presidente do Consello de Seguridade pedindo que se reunira o Consello para disuadir a Marrocos, considerando que a “marcha pacífica” provocaba unha situación de fricción e poñía en perigo a paz e a seguridade

internacionais. Finalmente, o Consello de Seguridade da ONU reuniríase para tratar a situación da marcha marroquí.

Mentres tanto, das 350.000 persoas que calculaba o rei Hassán II que participarían na marcha, xa había 50.000 na fronteira. Ademais, o rei adiantou a marcha, debido á convocatoria da sesión de urxencia do Consello de Seguridade das Nacións Unidas feita por España. Reunión na que o embaixador Piniés afirmou que España non tiña responsabilidade no que puidera ocorrer, e que a pesar de que a marcha se facía en tono pacífico, esta podería supoñer unha grave ameaza para a seguridade internacional. Dito país seguía a ter a intención de descolonizar o territorio coa aprobación dos países limítrofes, e de favorecer a autodeterminación.

O Frente Polisario, por outra banda, pediu a España axuda para defender o Sahara, afirmando que Marrocos estaba buscando un conflito bélico coa marcha, a cal foi considerada unha invasión indirecta, pero que pronto sería directa. Tamén afirmou que os dirixentes responsables de calquera incidente eran os marroquís e que Marrocos xa tiña quince mil soldados na fronteira.

Percibíanse presións por parte de determinados sectores económicos con intereses en Marrocos, o que supoñía un perigo para a obra do goberno. De todas formas, dende o goberno de España asegurouse que esas presións non influirían na postura que adoptaba España con respecto á descolonización do Sahara.

O referéndum convocado por España foi retrasado pola ONU, e algúns periódicos comezaron a considerar a marcha marroquí como unha invasión, ao menos, no momento en que os voluntarios cruzarían a fronteira.

4.- Arxelia cobra máis importancia no conflito, que segue avanzando

Arxelia prefería someterse ao establecido pola Nacións Unidas e non deixou de defender o dereito que teñen as nacións a autodeterminación, pero os medios de comunicación arxelinos non informaran da marcha ata o momento.

Segundo a ONU, España tivo un grande éxito diplomático na descolonización do Sahara mediante a autodeterminación, e seguiu a liña de decisión da Haya recomendando o referéndum. Pero, segundo o órgano informativo dun partido socialista saharauí, de producirse a marcha, os marroquís enfrentaríanse a soldados españois instruídos en Alxeria, polo que sería probable un choque entre Marrocos e Arxelia. España, por outra banda, non quería chegar á violencia, só abandonar o territorio.

Segundo un periódico estadounidense, a intención da marcha era a de intentar evitar o voto da poboación saharauí e a de ocultar a crise que atravesaba Marrocos, política que podería volverse en contra do rei Hassán II.

O PUNS e o secretario xeral do partido, Dueh Sidna, solicitaron urxentemente a intervención da ONU, argumentando que o pobo saharauí era consciente de que o terreo do Sahara occidental era seu, que non permitirían que ninguén tomara o poder del e que o defenderían ante a agresión de dita marcha. Tamén afirmou que o rei marroquí estabase escudando nos seus cidadáns para quitarlle a aparencia de agresión á marcha, e que a ONU debía establecer medidas para evitala, a cal identificaba cun ataque aos dereitos humanos e á liberdade que se lles foi concedida.

Os habitantes do sahara occidental decidiron defender as súas fronteiras e, esperando a que España evitara a invasión, fóronse trasladando á fronteira con Marrocos. Crese que da marcha marroquí moi poucos chegarían á fronteira, na que se toparían cos saharauís, o que suporía unha destrución masiva, pois só respectaría a intervención española.

Tamén se especula que España e Arxelia chegaron a un acordo no que España solicitaría á Liga árabe máis tempo no Sahara coa intención de axudar máis aos seus habitantes.

A reunión do Consello de Seguridade adiantouse, co que Marrocos planeou adiantar a data da marcha, ademais de dicir que os voluntarios xa alcanzaran a cantidade de 350.000 persoas, a pesar de que as listas de inscrición aínda non pecharan.

Na reunión do Consello de Seguridade sobre a marcha de Marrocos, Piniés afirmou que a marcha sería un acto contrario ás resolucións da Asamblea Xeral sobre a descolonización do Sahara e que constituía un acto de forza planeado polos marroquís para atentar contra a integridade territorial do Sahara e violar unha fronteira recoñecida internacionalmente.



Imaxe do embaixador de España nas Nacións Unidas, Jaime de Piniés, durante a súa intervención no Consello de Seguridade

Finalmente, iniciouse unha contramarcha cara Marrocos, pola que o PUNS fixo un chamamento aos cidadáns pensando en establecer unha barreira humana.

Ademais, o embaixador de Costa Rica, Fernando Salazar, insistiu en que o goberno de Marrocos debía desistir inmediatamente da marcha e que o propio ministro de Asuntos Exteriores de Costa Rica estaba especialmente interesado no asunto e no papel do seu país no conflito.

Por outra banda, o rei de Marrocos enviou unha mensaxe ao secretario dos EEUU afirmándolle a súa determinación a seguir coa marcha, a excepción de que España recoñecera o seu dereito ao Sahara occidental. Incluso insistía en “recuperar” o territorio por todos os medios posibles.

5.- Preséntanse proxectos de resolución no Consello de Seguridade

O presidente do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, estivo facendo consultas en torno ao tema do Sahara occidental. O delegado de Costa Rica presentou un proxecto de resolución no que pedía ao rei Hassán II que detivera os preparativos da marcha, resolución que estivo sendo estudada, pero que podería ser complementada de maneira que tamén pediría un diálogo entre España e Marrocos.

Francia e EEUU estaban a favor do diálogo, pero preferían manterse neutrales entre os dous países. Arxelia era partidaria da autodeterminación, e polo tanto, contraria aos marroquís e mauritanos dunha simple anexión do Sahara occidental.

Os membros do Consello de Seguridade estiveron estudando un novo proxecto de resolución no que se establecía contacto directo entre o secretario xeral e os representantes de España, Marrocos e Mauritania, tratando de substituír a resolución de Costa Rica, que resultou inaceptable para algúns membros. Esta resolución foi proposta por Camerún, Irak e Mauritania, a pesar de que este último apoiaba a marcha marroquí e incluso pensaba organizar outra propia.

As consultas foron máis alá: o grupo de nacións africanas celebraron unha reunión e o de Europa occidental outra.

O Ministro-secretario Xeral do Movemento, José Solís Ruiz, visitou ao rei de Marrocos, noticia que foi ben recibida pola ONU e que puido contribuír á diminución da tensión entre os dous países, provocando que o Consello de Seguridade se reunira con urxencia buscando unha solución conciliadora para ambas partes.

Aínda así, a “invasión verde” xa comezara, saíra un primeiro grupo de persoas participantes para chegar a Tarfaia, última etapa antes da fronteira con España, pero esperarían a máis persoas antes de chegar á fronteira. Este movemento provocou que aumentara o número de voluntarios ata máis do que estimaba o rei Hassán nun principio.

6.- Involúcranse máis nacións no conflito

Nunha localidade de Marrocos, celebrouse unha manifestación duns cinco mil marroquís en apoio á marcha e reivindicando tamén as cidades de Ceuta e Melilla. Incluso se dirixiron á fronteira con Ceuta, pero foron disoltos polos propios policías marroquís.

Ademais, unha delegación duns 8.000 xordanos representando a Xordania marchou cara Marrocos para apoialo.

Tamén se observaron movementos de trens de mercancías cara o sur, con camións civís requisados para levar voluntarios, e polas carreteras principais circulaban convois militares e civís, sempre en dirección á fronteira saharauí. Había dúbidas de que a marcha puidera chegar a Aaiún, pero era seguro que chegaría á fronteira.

España xa non era considerada o obstáculo fundamental, senón Arxelia, cuxo exército estaba concentrado na fronteira de Tinduf. Para España aínda había esperanza de entenderse con Marrocos.

O chanceler de Costa Rica declarou que a marcha poñía en perigo a paz mundial e podía levar a choques entre forzas armadas de distintas nacións, co que obrigou ao Consello de Seguridade da ONU a intervir, esixindo ao rei Hassán II que desistira da marcha. O ministro costarricense tamén mantivo un estreito contacto coa misión ante a ONU na procura de evitar unha situación perigosa na zona pola concorrencia de intereses que rexistraba.

Un portavoz do Frente Polisario afirmou que as misións informativas da ONU e do Tribunal da Haya concedían aos saharauís o dereito de autodeterminación e de independencia, que as tentativas expansionistas da marcha por parte do rei Hassán II non impedirían recuperar a súa independencia, e que o pobo saharauí estaba disposto a resistir calquera tentativa de agresión de Marrocos e Mauritania. Tamén destacou que España debería defender a integridade do territorio e opoñerse á invasión estranxeira como potencia administradora que era, mentres non saíra do país.



Soldados saharauís na fronteira

Dito portavoz, ao mesmo tempo, expresou que Marrocos e Mauritania estaban poñendo en perigo a paz ao non facer caso da ONU e do Tribunal Internacional da Haya, e que o rei marroquí estaba comprometendo a súa responsabilidade coa marcha, o que conduciría aos marroquís nunha guerra fratricida. Ademais, lanzáronse chamamentos aos pobos africanos para que obrigaran a Hassán II a desisitir nas súas manobras expansionistas.

Tamén se afirmou que o Frente Polisario loitaba contra o colonialismo con meta na independencia, e que garantirían os acordos internacionais e os aspectos históricos, culturais e económicos do Sahara.

A política arxelina era de apoio á loita saharai, e de solidariedade cos principios da revolución e da autodeterminación.

7.- As conversas entre España e Marrocos aumentan

Días despois, o Consello de Seguridade reuniuse coa intención do estudo e posible aprobación dun proxecto de resolución que presentou o presidente do Consello de Seguridade, o cal requiriría que o secretario xeral das Nacións Unidas consultara coas partes interesadas resolver a situación creada na zona. Ademais, apelou ás partes interesadas para que evitaran calquera medida que complicara a situación.

Mentres tanto, proseguiron os transportes e as concentracións masivas en Marrocos para a marcha.

O Ministro secretario xeral do Movemento, tras a súa entrevista co rei Hassán II, dixo que deixara as portas abertas a novas conversacións nun futuro, amistosamente. Tamén afirmou que o monarca estaba disposto a falar, a entenderse con España e a plantexar os problemas pendentes.

Mentres tanto, saíran máis voluntarios marroquís acompañados de víveres, tendas de campaña, ambulancias, médicos e varios centenaes de persoas encargadas de encadrar a operación.

8.- A defensa das nacións islámicas a Marrocos

Por outra banda, o secretario xeral do PUNS enviou aos traballadores en Madrid de distintos países africanos que apoian a Marrocos, unha carta na que dicía que, co recoñecemento do Tribunal Internacional de Xustiza e a ONU do dereito de autodeterminación, o seu apoio a Marrocos era contribuir a fomentar o imperialismo e dar

nova vida ao colonialismo. A maioría das nacións islámicas e africanas acababan de saír do colonialismo, e nese momento estaban apoiando que se lle fixera o mesmo a outro país mantendo a monarquía marroquí, incluso sabendo que a maioría dos países do mundo apoiaban ao pobo saharauí.

Como precaución, as autoridades civís e militares do Sahara insistiron en que recomendaban a saída da poboación civil nunha evacuación voluntaria, con obxecto de evitar precipitacións posteriores chegado o caso.

O “New York Times” escribiu un artigo explicando que o rei de Marrocos temía que se celebrara un referéndum, por se ía contra a unión de Marrocos. Ademais, tamén defendía que se o rei non tivera feito nada, sería posible que o pobo perdera confianza no rei ou incluso que este perdera a súa propia coroa. Hassán II non aceptaba a independencia nin a propia determinación.

Tamén se indicou que fai dous anos, ningún dos países que reclamaban dereitos sobre o Sahara terían empleado a forza, pero o descubrimento das maiores reservas de fosfato do mundo, provocou unha escalada na disputa.

O secretario xeral da conferencia islámica fixo público no Cairo un comunicado no que invitaba a España a reforzar as súas relacións con Marrocos e Mauritania, e respectar o desexo da nación islámica na liberación do Sahara occidental. O ministro arxelino rexeitou estas declaracións e respondeu que os países islámicos pertencían ás Nacións Unidas, polo que no tema da descolonización xa se pronunciaron polo sistema de autodeterminación.

O goberno de Senegal tamén se pronunciou dispoñéndose a multiplicar as súas xestións para atopar unha solución ao problema do Sahara occidental baseada na equidade e no dereito dos pobos de dispoñer de si mesmos.

O goberno de EEUU, por outra banda, rematou por embarcarse nun esforzo mediador no conflito sobre o futuro do Sahara occidental español, enviando un dos seus máis destacados diplomáticos a Arxelia e Marrocos, e buscando unha iniciativa mediadora que evitara unha perigosa confrontación nesta parte do mundo.

9.- Tensión entre Arxelia e Marrocos

Segundo algúns expertos, Arxelia podería entrar en guerra con Marrocos no caso de que Hassán II decidira seguir adiante ca marcha, por defender o dereito de autodeterminación saharauí, pero que se descartaba dito acontecemento se se chegaba a producir a invasión.

A tensión entre os países de Arxelia e Marrocos percibíase cada vez máis, e xa se traducía en forma de manifestacións antiarxelinas en certas cidades marroquís. Non obstante, tamén se opinaba que grazas ás xestións do mediador norteamericano, podería retrasarse o comezo da marcha para dar máis tempo a unha solución negociada do conflito.

Sudán decidiu enviar a Marrocos unha delegación en representación do pobo sudanés, para unirse á marcha no Sahara español. Os traballadores saharauis tamén mostraron a súa opinión do conflito e publicaron un comunicado atacando á iniciativa de Hassán II no Sahara español. Nel pedíase aos traballadores que volveran ao seu país para asegurar a súa defensa, e solidarizábanse co Frente Polisario, defendendo a autodeterminación e a independencia do Sahara occidental.

10.- O irmán do rei Hassán II pronúnciase

O irmán do rei Hassán II dixo que Marrocos e España estaban obrigados a entenderse, polo ben común de ambos países. Insistiu en que os intereses de España no Sahara e no Norte de África só serían preservados se se chegara a un acordo global que recoñecera a soberanía marroquí sobre o territorio saharauí.

Tamén revelou que Marrocos ofrecera a España seguir explotando o 60% dos fosfatos do Sahara, ademais da concesión de bases militares indefinidamente para protexer ás Illas Canarias, se o goberno aceptaba a soberanía marroquí no territorio saharauí.

Ademais, engadiu que a marcha era imparable e que se levaría a cabo nas datas previstas, pero que aínda non era tarde para chegar a un acordo, que tería que estar respaldado e garantizado pola ONU.

O príncipe, así mesmo, admitiu que Mauritania tiña dereitos soberanos sobre algunhas partes do Sahara, pero rexeitou calquera posibilidade de autodeterminación para os saharauis e calificou ao Frente Polisario dunha forza dirixida por Arxelia.

Tamén recoñeceu que a marcha levaba sendo planeada durante tres meses en secreto ata que a anunciara o rei e que Marrocos contaba coa solidariedade de case todos os países árabes, e cos medios de axuda que estes prestaran aos voluntarios.

Unha fonte marroquí tamén dixo que Marrocos e España estaban preto de chegar a un acordo sobre o tema do Sahara, e que o obxectivo de Marrocos en toda esta operación era a de conservar a amizade con España e conseguir o recoñecemento da súa soberanía.

11.- Novas reunións na busca dunha solución

Noutra sesión do Consello de Seguridade, os membros do Consello reafirmaron o dereito do pobo saharai á autodeterminación. Recoñeceron a gravidade da tensión en torno ao Sahara occidental e pediron aos países interesados que deran mostras de moderación e caución. Tamén manifestaron preocupación polo aumento da tensión e o alivio pola resolución do Consello, que trata de velar pola paz e seguridade internacionais.

O chanceler costarricense criticou a pasividade das grandes potencias debido aos intereses que tiñen na zona fronte á marcha, e afirmou que se a marcha non se detía, habería conflitos bélicos e mortes, e a paz romperíase.

Arxelia pediu que o Consello tomara medidas para preservar a paz e a seguridade, e previr calquera acto que impedira o cumprimento do dereito e a poñer en xuízo a autoridade da ONU.

Destacou a afirmación do principio de autodeterminación para o pobo saharai, así como o chamamento ás partes implicadas para que non empeoraran a situación, xa bastante delicada. O embaixador de España reafirmou que o órgano competente para resolver a cuestión era a Asamblea Xeral da ONU.

12.- Conclusión

Finalmente, o 5 de Novembro, Hassán II fixo un chamamento aos marroquís para cruzar a fronteira ao día seguinte, pero inmediatamente o Consello de Seguridade volveu a facer un chamamento ao diálogo. Non obstante, Estados Unidos e Francia deron a súa aprobación a Marrocos da anexión do territorio saharai.

Unha semana despois, Marrocos, Mauritania e España fixeron un acordo tripartito no que se estableceu que España se retiraría definitivamente do territorio do Sahara. E coa retirada das forzas españolas no territorio, Marrocos ocupou a zona norte.

Actualmente, a situación segue sen resolverse, e para a maioría das organizacións internacionais a potencia administradora segue sendo España. Marrocos rexeita calquera opción de referendo mentres ocupa dito territorio

En conclusión, esta información forma parte do conxunto de testemuños que se recolleron sobre este conflito, pero que aínda se está ampliar, pois este non está rematado nin solucionado, e o Sahara occidental segue loitando polo seu dereito á independencia e á autodeterminación, mentres Marrocos trata de posuír o mesmo territorio. Este tipo de periódicos e fontes de información son moi importantes para dar visibilidade a estas guerras, pois hoxe en día case non se fala delas nos medios de comunicación convencionais.

Deberíamos poder coñecer a situación que vivimos, pero tamén a que están a vivir outras persoas, porque as súas vidas son igual de importantes, e ao mellor nós podemos facer algo para axudarlles. Tratar de informarse correctamente e de informar a outros é un xa gran paso.

13.- Bibliografía

<https://jable.ulpgc.es/larealidad>

<https://jable.ulpgc.es/viewer.vm?id=4849232>

<https://jable.ulpgc.es/viewer.vm?id=4849263>

<https://jable.ulpgc.es/viewer.vm?id=4849292>

<https://jable.ulpgc.es/viewer.vm?id=4849317>

<https://jable.ulpgc.es/viewer.vm?id=4849368>

<https://jable.ulpgc.es/viewer.vm?id=4849423>

https://es.wikipedia.org/wiki/Frente_Polisario

https://es.wikipedia.org/wiki/Conflicto_del_Sahara_Occidental

https://es.wikipedia.org/wiki/Marcha_verde